

ARTIGO 8º DECLARACIÓN E INGRESO

1.—A taxa esixirase en réxime de autoliquidación.

2.—Os escritos recibidos polos conductores o que fai referencia o artigo 66 da Lei de Procedemento Administrativo, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá dárseles curso sen que se enmende a deficiencia, polo que se requerirá o interesado para que, no prazo de 10 días abone as cotas correspondentes co apercibimento de que transcorrido o prazo sen efectualo, se terán os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

ARTIGO 9º INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase o disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comenza a aplicarse a partir do un de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente Ordenanza cabe recurso contencioso-administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 da Xurisdicción Contencioso Administrativa.

10) ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

En virtude dos artigos 59.1 e 78 e seguintes do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo por o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e según o disposto nas Leis de Orzamentos do Estado quedan fixados nos termos que se establecen nos artigos correspondentes desta Ordenanza as normas reguladoras do Imposto sobre Bens Inmóbles.

ARTIGO PRIMEIRO.—NORMATIVA APLICABLE:

O imposto sobre bens inmóbles rexirase por o desposto con relación ao memos no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenrolen e por a presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO SEGUNDO.—FEITO IMPOÑIBLE:

2.1 Constitue o feito imponible do imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmóbles rústicos e urbáns e sobre os inmóbles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmóbles ou sobre os servizos públicos a que estén afectos.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) De un dereito real de usufructo.
- d) Do dereito de propiedade.

2.2 A realización do feito imponible que corresponda, dos definidos no artigo 2º pola orde establecida, determinará a non suxeición do inmóble ás restantes modalidades no mesmo previstas.

2.3 Aos efectos deste imposto terán a consideración de bens inmóbles rústicos, de bens inmóbles urbanos e de bens inmóbles de características especiais os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

2.4 Non están suxeitos o imposto:

- As estradas, os camiños, as demais vías terrestres e os bens de dominio público marítimo-terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuito.

- Os seguintes bens inmobles de propiedade deste Concello:
1. Os de dominio público afectos ó uso público.
 2. Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo Concello e os bens patrimoniais, excepto cando se trate de inmobles cedidos a terceiros mediante contraprestación.

ARTIGO TERCEIRO. – SUXEITOS PASIVOS:

3.1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuintes, as persoas naturais y jurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

No suposto de concurrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmovible de características especiais, será substituto do contribuinte o que deba satisfacer o maior canon.

3.2. O disposto no apartado anterior será de aplicación sen perxucio da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme as normas de dereito común. O Concello repercutirá a totalidade da cuota líquida do imposto en quenes, non reunindo a condición de suxeitos pasivos do imposto, fgan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais.

Asimesmo, el substituto do contribuinte poderá repercutir sobre os demais concesionarios a parte da cuota líquida que lles corresponda en proporción aos cánones que deban satisfacer cada un deles.

ARTIGO CUARTO. – RESPONSABLES:

4.1. Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

4.2. Responderán de forma subsidiaria da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

4.3. Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constituen o feito imponible deste imposto, os bens inmobles obxecto dos mencionados dereitos quedarán afectos ao pago da totalidade da cuota tributaria, en réximen de responsabilidade subsidiaria, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria. A estes efectos, os notarios solicitarán información e advertirán expresamente aos comparecentes nos documentos que autoricen sobre as débedas pendentes polo Imposto sobre Bens Inmobles asociadas ao inmovible que se transmite, sobre o prazo dentro do que están obrigados os interesados a presentar declaración polo imposto, cando tal obriga subsista por non haberse aportado a referencia catastral do inmovible, conforme ao apartado 2 del artículo 43 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias, sobre a afección dos bens ao pago da cota tributaria e, asimesmo, sobre as responsabilidades en que incorran pola falta de presentación de declaracións o non efectualas no prazo ou a presentación de declaracións falsas, incompletas ou inexactas, conforme ao previsto no artigo 70 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias.

4.4. Responderan solidariamente da cuota deste imposto, e en proporción as súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro Xeral Tributaria, se figuran inscritos como tales no Catastro Inmobiliario. De non figurar inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

ARTIGO QUINTO. – EXENCIONES:

- 5.1. Estarán exentos os seguintes inmobles:
- a) Os que sendo propiedade do Estados, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais que estén directamente afectos á seguridade cidadá e ós servizos educativos e penitenciarios, así como os do Estado afectos á Defensa Nacional.
 - b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común.

- c) Os da Igrexa Católica, nos termos previstos no Acordo entre o Estado Español e a Santa Sede sobre asuntos económicos, de 3 de xaneiro de 1979, e os das Asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos acordos de cooperación subscritos en virtude do desposto no artigo 16 da Constitución.
- d) Os da Cruz Vermella Española.
- e) Os inmobles aos que sexa de aplicación a exención en virtude dos Convenios Internacionais en vigor e, a condición de reciprocidade, os dos Gobernos estranxeiros destinados a súa representación diplomática, consular, ou ós seus organismos oficiais.
- f) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, que o seu principal aproveitamento sexa a Madeira ou a cortiza, sempre que a densidade do arborado sexa a propia ou normal da especie de que se trate.
- g) Os terreos ocupados polas liñas de ferrocarrís e os edificios enclavados nos mesmos terreos, que están dedicados a estacións, almacéns ou a calquera outros servizos indispensables para a explotación de ditas liñas. Non están exentos, polo tanto, as casas destinadas a vivendas dos empregados, as oficinas de dirección nin as instalacións fabrís.

5. 2. Asimesmo, previa solicitude estarán exentos:

- a) Os inmobles que se destinen ó ensino por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ó réxime de concertos educativos, en canto á superficie afectada ó ensino concertado.
- b) Os declarados expresa e individualmente monumento ou xardín histórico de interés cultural, mediante Real Decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, e inscrito no Rexistro Xeral a que se refire o artigo 12 como integrantes do Patrimonio Histórico Artístico Español, así como os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta de dita Lei. Esta exención alcanzará exclusivamente ós bens que reúnan os requisitos establecidos no artigo 62.2 do R.D.L. 2/2004.
- c) A superficie dos montes nos que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas suxeitas a proxectos de ordeación ou plans técnicos aprobados pola Administración forestal. Esta exención terá unha duración de quince anos, contando a partir do período impositivo seguinte a aquel no que se realice a súa solicitude.

5.3 Se establece a exención do imposto para os bens dos que sexan titulares os centros santiarios de titularidade pública sempre que estén directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros.

5. 4. As exencións de carácter rogado, sexan directas ou potestativas, deberán ser solicitadas polo suxeito pasivo do imposto.

5.5. Con carácter xeral, o efecto da concesión de exencións comenzará a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non poderá ter carácter retroactivo. Nembargantes, cando o beneficio fiscal se solicita antes de que a liquidación sexa firme, concederese se na data do devengo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu disfrute.

ARTIGO SEXTO.—BONIFICACIÓNS OBRIGATORIAS:

6.1. Concederese unha bonificación do 90% na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, aos inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a ésta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior ó remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

Para disfrutar desta bonificación, os interesados deberán cumprir os seguintes requisitos:

–Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, a cal farase mediante certificado do Técnico Director competente das mesmas, visado polo Colexio Profesional.

–Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.

–Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación é da súa propiedade e non forma parte do inmovilizado, que se fará mediante copia da escritura pública ou alta catastral e certificación do administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a AEAT, a efectos do imposto sobre Sociedades.

–A solicitude de bonificación poderase formular dende que se poida acreditar o inicio das obras.

–Fotocopia do alta ou último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas.

A acreditación dos requisitos anteriores poderase realizar tamén mediante calquera documentación admitida en dereito.

Se as obras de nova construción ou de rehabilitación integral afectan a diversos solares, na solicitude detallaranse as referencias catastrais dos diferentes solares.

6.2. As vivendas de protección oficial e as equiparables a estas segundo as normas da Comunidade Autónoma, disfrutarán dunha bonificación do 50 % durante o prazo de tres anos, contados dende o ano seguinte á data de outorgamento da cualificación definitiva.

Esta bonificación concederase a petición do interesado, a cal poderase efectuar en calquera momento anterior á terminación dos tres periodos impositivos de duración da mesma e terá efectos, no seu caso, dende o periodo impositivo seguinte a aquel no que se solicite.

Para ter dereito a esta bonificación, os interesados deberán aprotar a seguinte documentación:

–Escrito de solicitude da bonificación.

–Fotocopia da alteración catastral.

–Fotocopia do certificado de cualificación de V.P.O.

–Fotocopia da escritura ou nota simple rexistral do inmovible. (se na escritura pública non constara a referencia catastral, fotocopia do recibo do IBI do ano anterior).

6.3. Terán dereito a unha bonificación de ata o 95% da cuota íntegra os bens rústicos de cooperativas agrarias de explotación comunitaria da terra nos termos establecidos na Lei 20/1990 de 19 de decembro sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

6.4 Con carácter xeral, o efecto da concesión de exencións comenza a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non poderá ter carácter retroactivo.

ARTIGO SÉPTIMO. – TIPO DE GRAVÁMEN E CONTÍA:

–O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóveis aplicable os bens de natureza urbana queda fixado no 0,47%.

–O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóveis aplicable os bens de natureza rústica queda fixado no 0,30%.

–O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóveis aplicable os bens de características especial: 1,3%

A cota íntegra deste Imposto é o resultado de aplicar a Base Liquidable o tipo de gravame. A cota líquida obtense minorando a cota íntegra co importe das bonificacións previstas legalmente no artigo 73 do RDL 2/2004, de 5 de xuño e no artigo cuarto da presente ordenanza.

ARTIGO OITAVO- DEVENGO E PERÍODO IMPOSITIVO:

–O imposto devengarase o primeiro día do periodo impositivo.

–O período impositivo coincidirá co ano natural.



Os actos, feitos ou negocios que deben ser obxecto de declaración ou comunicación ante o Catastro Inmobiliario terán efectividade no devengo deste imposto inmediatamente posterior ao momento en que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación do valor catastral dos bens inmoebles de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

ARTIGO NOVENO- NORMAS DE XESTIÓN:

As competencias de xestión, liquidación e recadación, así como as de revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán exercidas polo Organismo autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais (ORAL), nos termos establecidos no vixente Acordo de Delegación aprobado polo Pleno da Corporación.

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor a partir do día 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a modificación da presente ordenanza cabe recurso contencioso-administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 de Xurisdicción Contencioso-administrativa.

Poio, a 13 de decembro de 2011.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández.

2011012096

* * *

O PORRIÑO

E D I C T O

Por acordo adoptado o día 31 de outubro de 2011 se aproba con carácter provisional o expediente de Modificación do Anexo de Investimentos, ó non presentar reclamacións durante o período de exposición pública se considera definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o T.R. da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 20 do R.D. 500/1990, de 20 de abril.

Contra esta aprobación definitiva poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdicción segundo o disposto no artigo 23 do citado R.D.

O Porriño, a 2 de decembro de 2011.—O Alcalde, José Nelson Santos Argibay.

2011012002

* * *

REDONDELA

A N U N C I O

Intentada a notificación a través do servizo de correos a DON MANUEL GONZÁLEZ PEREIRA, para persoarse no expediente que se lle instrúe en relación coa baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes; e ao descoñecerse o seu actual paradiro, realízase a presente notificación conforme prevé o art. 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como a Resolución do 1 de Abril de 1997 da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e do Director Xeral de Cooperación Territorial pola que se ditan instrucións técnicas aos Concellos sobre a xestión e revisión do Padrón de Habitantes, para que no prazo de 15 días aleguen, por escrito, o que estimen máis conveniente na defensa dos seus intereses.

Redondela, a 29 de novembro de 2011.—O Alcalde, Javier Bas Corugeira.

2011012008